

O FARELO

nº 24

XANEIRO '09
SEGUNDA ETAPA

REVISTA DE HUMOR QUE RABEA POR PENEIRAR

Que nos agarda no 2009 ... ?



POR FRANCISCO PUÑAL

Ao cumprir o seu primeiro ano, a Sociedade Anónima Xestora do Banco de Terras de Galiza (BANTEGAL), que impulsa a Consellería do Medio Rural, editou o libro *Sorrisos e boa colleita* que, coordinado por Xaquín Marín e producido por Bolanda, é unha homenaxe dos humoristas gráficos galegos ao noso rural.

Corenta e un debuxantes gráficos, co seu humor e ironía característicos, abordan diversos aspectos que teñen que ver co desenvolvemento da sociedade rural galega, como a iniciativa grazas á cal se crea un banco de terreos agrarios que poden ser cultivados por un arrendatario, a herdanza do minifundismo secular, o emprego das novas tecnoloxías, a cota láctea, e outros de singular importancia.

Os caricaturistas, cunha mirada provocadora e enxeñosa, reflicten a vida rural dunha forma artística e coa retranscrición galega.

Aquí teñen algúns exemplos dos debuxos que integran o libro.

Sorriso e boa colleita



O galego con humor

"O galego con humor" é o título dun libriño editado pola Fundación para o estudo e a divulgación da cuestión social e sindical en Galiza (FESGA) e maila CIC, no que media dúzina de autores repasan o estado da cuestión lingüística: Davila, Gonzalo, Pepe Carreiro, Pestinho, Xaquín Marín e Xosé Lois "O Carrabouxo".

"Queremos con esta publicación", precisa Suso Seixo, secretario xeral da CIC, non limiar do libriño, "poñer un novo gran de area en prol da dignificación da nosa lingua e da normalización dos seus usos sociais. E pensamos que o humorismo gráfico segue a ser un magnífico instrumento para sensibilizar e concienciar aos trabaladores galegos, así como ao conxunto da sociedade galega".

Dito queda.

GONZALO



Nós propuñemos un tema ... **Que nos agarda no 2009?** ...

xosé_ramón



martirena



martirena

tonisavski



tonisavski

...pero el@s tiñan outros


Manda Carallo!

discriminación laboral



xosé_manuel

tomy



a voltas coa crise



o remate da "era Bush"



noite de Reis



fin de ano

martirena

Concurso europeo da caricatura

POR FRANCISCO PUNAL SUÁREZ

A segunda edición do Concurso Europeo da Caricatura, organizado polo Museo Nacional da Imprenta, de Porto (Portugal), e baixo a lema de *Diálogo Intercultural*, recibeu preto de 400 obras de 125 debuxantes de 25 países.

Este concurso internacional iniciouse no 2007 co tema *Desigualdades e Discriminación*, e encádrase na liña de traballo que desenvolve o Museo, a favor do debuxo humorístico, cuxa expresión máis evidente é o Festival Mundial do *PortoCartoon*.

O caricaturista Musa Gomos, de Turquía gañou o primeiro premio, cun traballo titulado *Unión Europea*, no que mostra como chega unha botella cunha mensaxe de auxilio nunha mesa convertida en mar, onde se reunen dirixentes da UE. O segundo foi para o italiano Alessandro Gatto, por *Sublimación*, un debuxo exquisito con carácter metafórico, que reflicte a dous homes, un nunha gaiola azul e outro nunha gaiola amarela, que saíron momentaneamente delas, para dialogar. E o terceiro, para Heino Partanen, de Finlandia, por *Xogando xuntos*, que valéndose do xogo de fútbol critica a discriminación racial e á desigualdade coa muller.

A elevada calidade dos traballos enviados, levou ao xurado internacional, presidido por George Wolinski, e que integraron Marlene Pohle; Helena Gelpi, representante do Comisariado para a Inmigración e o Diálogo Intercultural; Xaquín Marín, director do Museo de Humor de Fene; Ronaldo, destacado caricaturista brasileiro e Luís Humberto Marcos, director do Museo da Imprenta, a outorgar oito mencións de honra.

O debuxante zaragozano David Vela obtivo unha das devanditas mencións cun debuxo que alude á situación internacional quizá máis extrema na que ese diálogo debía imporse como única solución viable: o conflito entre palestinos e israelís, que dura xa máis de medio século, e que cobra moita actualidade. "O debuxo representa -afirma David- como dunha actitude tolerante pode xurdir o recoñecemento mutuo, sim-

bolizado nas mulleres que tecen as bandeiras, utilizando as mesmas bólas de fío. Lamentablemente, e de novo como ao longo destas últimas décadas, ese desexo que representa o debuxo quedou superado por un novo estalido da violencia e a desproporcionada e brutal reacción do goberno de Israel, ao bombardear a Gaza. Aínda que o debuxo queda superado pola realidade, non deixa de ter vixencia como un desexo nun futuro esperemos próximo. Corresponde á ONU e aos gobernos de Europa e Estados Unidos impolo se é que realmente existe vontade de alcanzar esa paz. Polo momento a realidade queda marcada polos centos de mortos palestinos".



I PREMIO: MUSA GOMUS (TURQUÍA), "UNIÓN EUROPEA".



II PREMIO: ALESSANDRO GATTO (ITALIA), "SUBLIMACION".



III PREMIO: HEINO PARTANEN (FINLANDIA), "XOGANDO XUNTOS".



MENCION DE HONRA: DAVID VELA (ESPAÑA).



josé_sarmiento

xosé_manuel



martiriana

